

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O
DÍA 30 DE AGOSTO DE 2007.**


<p><u>Sres. Asistentes.</u></p> <p><u>Sr. Alcalde.</u> D. Julio Ignacio Iglesias Redondo</p> <p><u>Sres. Concelleiros:</u> D^a María Victoria Montenegro Paz. D. José Juan Vilasanchez Pazos D^a Ana María Fernández Coira. D. Jose Salvador Ferreiro Montenegro. D. José Manuel Cendán Fernández. D. Francisco Echevarria Lage. D. María Mercedes Grande Regueiro. D. Fernando Otero Prieto. D^a Josefina Martínez Martínez. D. Manuel Rodríguez Doval. D^a María Belen Abeal Pérez. D. Luis Cendán Fernández.</p> <p><u>Non asiste con excusa:</u> D^a Mercedes Grande Regueiro.</p> <p><u>Sr. Secretario-Acctal.:</u> D. José Angel Carballo Feijoó.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as doce horas e tres minutos do día trinta de agosto de dous mil sete, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario-Acctal., o que o é desta Corporación D. José Angel Carballo Feijoó.</p>
---	--

Toma a palabra o Sr. Alcalde, quen manifesta que antes de dar comenzo á sesión en nome da Corporación queren transmitirille á compañeira de Corporación Belen Abeal, o sentido pésame polo falecemento do seu pai.

Acto seguinte pola Alcaldía Presidencia procedese a apertura da Sesión adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:

Punto núm.1.- DAR CONTA DA DESIGNACIÓN POLOS GRUPOS MUNICIPAIS DE MEMBROS EN COMISIÓNS INFORMATIVAS.

Polo Sr. Secretario dase conta da designación de membros nas Comisións Informativas polos Grupos Municipal do PSdeG- P.S.O.E.,do P.P. , do B.N.G.e de NAL, acordando o Concello Pleno darse por enterado.



Punto núm.2.- DESIGNACIÓN DE XUIZ DE PAZ TITULAR E SUBSTITUTO.-

Dada conta das convocatorias para a selección de Xuíz de Paz Titular e Substituto do Xulgado de Paz de Ares, publicadas no B.O.P. nº146 de data 26 de xuño de 2007 e no B.O.P. nº 149 de data 29 de xuño de 2007.

Vista a proposta unanime da Xunta de Portavoces, o Concello Pleno por unanimidade acorda:

1º.- Designar como Xuíz de Paz Titular a **D. ANDRES FREIRE CAMANIEL.**

2º.- Designar como Xuíz de Paz Substituto a **D. FLORENCIO ARAGON CANOVAS.**

3º.- Dar traslado do presente acordo á Sa de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, para seu nomeamento se procede.


Punto núm. 3.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO PRESUPOSTO DO ANO 2006.-

Formulada e rendida a Conta Xeral deste Concello correspondente ó exercicio de 2006, e dictaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas na sesión do día 31 de maio de 2007, foi sometida a información pública mediante Edicto publicado no Boletín Oficial da Provincia número 132 , de data 9 de xuño de 2007.

Atendido que durante dito prazo de información pública non se formularon reparos ou reclamacións.

Toma a palabra, o Sr. Rodríguez Doval, que xa o pasado ano o BNG tivo unha posición discrepante con esta cuestión, o BNG mantivo unha postura discrepante coa aprobación dos orzamentos do exercicio de 2006, e tampouco estivemos de acordo coa maneira en que se levou a cabo a execución do gasto do correspondene orzamento, polo tanto o noso voto vai a ser contrario.

Interven o Sr. Luis Cendán, manifestando que en coherencia co que se dictaminou inicialmente cando se levou a Comisión, aínda que cando se levou a Comisión eu non tiña responsabilidades nesta materia, pero como xa digo en coherencia como responsable da area de Facenda do exercicio en cuestión xa dixen que votaría favorablemente.



O Sr. Manuel Cendán Fernández, di que o presuposto se elaborou en tempo e forma como manda a Lei, que as contas están hai, un ano máis as Contas son unha xestión boa, e podemos dicir que si algo funciona ben neste Concello é o area económica, non é a primeira vez que nos dan a noraboa nesta cuestión, as contas están hai e a súa posición vai a ser favorable á aprobación,

Toma a palabra o Sr. Alcalde, manifestando que nos consideramos que existe un Órgano superior que ten que avaliar e examinar a Conta Xeral, e polo tanto corresponde ó Consello de Contas esa supervisión en consecuencia o Grupo Socialista se vai a abster, co obxecto de posibilitar que entre a exame por parte do Consello de Contas.

Sometida a votación o Pleno do Concello acorda en votación ordinaria por maioría de seis votos a favor 5 P.P., 1 N.AL., 2 votos en contra (2 B.N.G.) e 5 abstencións (5 P.S.O.E.), aproba-la conta Xeral do Concello correspondente ó exercicio de 2006.

Punto núm. 4.- PROPOSTA DA ALCALDÍA EN RELACIÓN CO HUMIDAL DA XUNQUEIRA.-

Dase conta da proposta da Alcaldía do seguinte teor literal:


" PROPOSTA DA ALCALDÍA:

Diante da importancia do Humidal da Xunqueira, e sendo insuficiente a protección prevista no Actual Plan Xeral de Ordenación Municipal, e sendo necesaria a maiores incrementar dita protección e adoptar Políticas de Protección e recuperación do citado Humidal, esta Alcaldía propón o Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º.- Elevar á Consellería de Medio Ambiente a petición para que redacte un Plan de Protección e Recuperación do Humidal da Xunqueira.

2º.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente, para realizar as Xestións oportunas, para levar a cabo a materialización do presente acordo."

Acto seguinte toma a palabra o Sr. Rodríguez Doval, manifestando que na xeografía do Reino de Galicia, escrita hai perto dun século pero seguramente todavía vixente definiase a Xunqueira de Ares, dunha maneira vucolica, pero explicativa do papel que tuvo o seu momento e que estamos cercanos a perdelo casi definitivamente, (dando seguidamente lectura a este documento). Con máis anos de retraso pola empresa "ABISUB" realizase un estudio,encargado polo Concello, no que se definían as especies tanto en flora como en fauna que existían, por certo algunhas únicas en toda Galicia;



definiáanse tamén os factores que estaban actuando sobre a Xunqueira e por último tamén definiáanse as ideas centrais para proceder a rexenerar todo aquel espacio.

No Plan Xeral de Ordenación Municipal do ano 1999, o equipo de goberno formado polo Grupo Socialista e o BNG, intenta establecer unha figura de Protección na zona da Xunqueira, pasou o que pasou, todos sabemos a multitude de alegacións que se presentaron daquela zona, pero quería traer aquí un escrito que pouco antes da aprobación do Plan Xeral remitía o que nalquel entón era o Director Xeral de Calidade Medioambiental; acto seguinte dáse lectura o escrito. Desde hai catro anos o noso grupo intercede diante da Presidencia do Organismo Autónomo de Augas de Galicia, para que partindo desde aquel estudo que se realizará por parte do Concello, e partindo da posición que tiña a Xunta de Galiza, requeriéndolle de que non se aprobará o Plan Xeral con aqueles condicionantes, e de os elementos perxudiciais para o futuro da Xunqueira seguían actuando dunha maneira tremenda, e solicitándolle que se tomarán as medidas oportunas. É público e notorio que como consecuencia daquelas reclamacións se abriron 5 expedientes sancionadores por parte do Organismo Autónomo Augas de Galicia, contra particulares e tamén contra o Concello de Ares, polos verquidos que se fixeron. Para nos é fundamental rematar coa agresión ó Espacio Natural e necesario definir un Plan de Usos, é polo que vamos a apoiar a proposta que se fai desde a Alcaldía porque nos parece que é un primeiro paso necesario e urxente, independentemente que a través da Comisión de Urbanismo ou calquera outra Comisión entre todos os grupos se defina cal vai a ser o Plan de Usos, rematando que como xa temos dito en algunha ocasión a Xunqueira ten un papel moi importante e esta chamada a ser o pulmón do casco urbano de Ares.

Toma a palabra o Sr. Luis Cendán Fernández, quen manifesta que o seu posicionamento vai a ser afirmativo que vamos a darlle o voto favorable a esta proposta, e por outro lado como xa expuxen na Xunta de Portavoces, decir que calquer tipo de recheo por Lei está prohibido, e todos somos responsables, por parte da Alcaldía na Xunta de Portavoces se nos explicou que por parte do Delegado de Medio Ambiente, se lle solicitaba un posicionamento ó respecto e como xa dixo anteriormente o posicionamento vai a ser afirmativo.


Acto seguinte interven D. Manuel Cendán Fernández, manifestando que o que se propuxo na Xunta de Portavoces, ou polo menos o que eu entendi é que se pedirá á Consellería que se protexa o Humidal da Xunqueira e que se meteran sancions moito máis duras das que se poden meter por Lei, e falamos do Plan de Protección así como do Plan de usos que é que temos que decidir aquí por que é unha competencia municipal, o que quedamos na Xunta de Portavoces é solicitar a zona de humidal protexida.

O Sr. Alcalde-Presidente, manifesta que a proposta tal e como ven a Pleno é a antesala dun proceso máis longo, que é buscar por parte da Corporación da Declaración da Xunqueira como Espacio Natural de Interés Local, en consecuencia a Xunta de de



Portavoces buscaba algunha maneira para iniciar a tramitación, esta a Alcaldía expuso que se non iamos a ter o respaldo do Pleno nos evitabamos o traballo, ó ver que na Xunta de Portavoces o respaldo era maioritario, entón desde o goberno o que vamos a facer iniciar o expediente coa finalidade de declarar a Xunqueira como Espacio Natural de Intereses Local, habida conta de que ese procedemento pode alargarse uns meses o ter que facer unha serie de estudos previos o que conllevará que se dilate no tempo, coñecendo as continuas agresións que o humidal esta a sufrir, e habida conta que a protección ordinaria que é a de verquidos de máis de 25 cms. é insuficiente, porque todos sabemos que moitas veces compensa pagar as multas, posto que unha sanción grave por un recheo na Xunqueira é de 900 euros, e trasladar o camiión cos residuos á planta pode andar arredor dos 1500 euros. Habida conta da protección insuficiente para este espacio natural, e como o sentir da Corporación de facer dese espacio natural, un espacio aberto, humanizado, limpo, onde os cauces esten limpos, para poder levar a cabo práctica do deporte, e o encontro das familias ó aire libre, entón a proposta da Alcaldía consiste en eso: en solicitar a Consellería como medida urxente un Plan de Protección que seguramente terá que redactar conxuntamente co SEPRONA, e por suposto a recuperación do humidal a través de Augas de Galicia, para que se limpe o humidal, que creo que hai moitos anos que son leva a cabo e Augas de Galicia e o único que ten competencias para proceder ó que se fixo aquí moitas veces os nosos antepasados que é proceder a limpeza dos cauces, o resto dependerá desa Declaración da Xunqueira como Espacio Natural de Interes Local, pero este feito unha vez que se teñan os estudos correspondientes se traerá novamente a Pleno co obxecto definir o Plan de Usos, o que agora pretendemos e unha protección urxente.


Toma a palabra o Sr. Rodríguez Doval, e di que escoitou unha cousa que non lle gustou nada, *de que todos somos responsables do recheo*, e se como se dixo todos somos responsables do recheo non o somos en igualdade de condicións, uns poden ser por omisión e outros por acción, eu lembrome que na Corporación que gobernaban o PSOE e BNG, cando se paraban os Camións, outro grupo político que gobernou despois se encargaba de tratar de quitarlle as multas ós veciños teño os datos aquí, os veciños teñen nome e apelidos e as empresas e particulares que verteron na Xunqueira que foron multados teñen nomes e apelidos e podemos dalos aquí e veremos se todos somos responsables, e a mín doeme especialmente que o Concello de Ares como institución teña que acabar pagando unha multa de 1500 euros por unha acción dun anterior Alcalde que lle beneficiou particularmente, porque unha cousa e que no exercicio do seu cargo, o Alcalde meta o zoco dunha maneira intencionada ou non intencionada en defensa dos intereses dos veciños e se vexa obrigado a pagar unha multa e outra cousa e que se vexa obrigado a pagar unha multa o Concello por unha acción que beneficiou exclusivamente a un particular, que casualmente coincidía coa persoa que era o Alcalde, polo tanto como vamos a ser todos iguais, mentras uns e eu falo do que nos fixemos nos últimos catro anos co goberno do Partido Popular na Xunta que foi o que iniciou as accións de denuncia e sancións a particulares e ó propio Concello de Ares, polo que fixo nos últimos 8 anos, mentras nos estabamos pedindo que se cumprira a Lei e se abriaran os expedientes que están nesta



carpeta, mentras nos faciamos esto o propio Concello incumplia cando nos lle pedíamos que actuará como parte en defensa dos intereses da Xunqueira, polo tanto non somos todos iguais. E remato aquí dicindo que a escasa protección que lle quixemos dar o equipo do PSOE e BNG cando gobernou entre os anos 1995-1999 ó espacio da Xunqueira houbera saído adiante si outro partido político non houbese fomentado a presentación de centos de alegacións, por certo nalgún caso asinadas pola mesma persona, para que non se declarará o espacio da Xunqueira. Nos vamos a votar a proposta da Alcaldía.

Interven o Sr. Luis Cendan Fernández, manifestando que a súa intervención non é con ánimo de polemizar pero parece ser que Portavoz do BNG quere polemizar ou diferenciar que uns son máis responsables que outros, pero eu quero recordarlle que el durante catro anos foi Alcalde de Ares, e se fixeron os verquidos que se fixeron, o Plan Xeral de Ordenación o aprobou el e o seu grupo de goberno, e el como membro da Comisión de Goberno deu licencia a dúas edificacións que están na Xunqueira, se eso non é ter responsabilidade que veña Deus e o vexa, no ánimo de todos non está polemizar senón darlle unha solución de protección á Xunqueira e o dictame unanime da Xunta de Portavoces iba por hai.

Toma a palabra o Sr. Manuel Cendán Fernández, quen manifesta que por alusións, lle vai a constestar o Portavoz do BNG, vostede fala do Plan Xeral en relación coa protección da Xunqueira, e a difererencia que había entre o grupo de goberno e a oposición era de 20 metros, vostedes no Plan Xeral aprobaron 50 metros e o que propoñía o Partido Popular era 70 metros, o único que era cambiar a linea 20 metros, e vostede precisamente vostede nunha Comisión Informativa o votou todo abaixo. No tema que aludeu que o Concello pagou unha multa porque eu me beneficié dunha cousas, decirlle que vostede está acostumado a denunciar sen demostrar que había feito as obras, cando se limpou o canal que se ampliou a 4 metros quedaron as raíces das arbores ó descuberto, e o propietario colindante comprou uns tubos para canalizar e pideu licenza municipal, e vostede como esta perto da miña propiedade me denunciou a mín persoalmente, despois que se demostrou ante Augas de Galicia que eu non fora se meteu coa casa e cando veu que estaba ben que tiña a licencia e pagada, despois se meteu no muro que me había dado vostede a licencia hai vinte anos, ese foi o proceso que fixo vostede, o Concello non fixo ningunha reposición de tubos, o que a fixo pideu licenza municipal. O Partido Popular fixemos un no Plan Xeral, e a intención do grupo Popular e protexer a Xunqueira, a intención era uns pasos elevados, que CEINSA sa sabia as nosas intencións e mandou tecnicos de medio ambiente para facer un estudio, non diga vostede que nos tiñamos interes, ó unico conflicto que houbo na Xunqueira era de 20 metros, nosoutros o que pediamos era 70 metros. Centrandome no punto, queremos que se acorde que a Corporación Pleno ten interese en declarar a zona de humedal de Interese Local, e segundo o punto que ven, e terceiro que se redacte un plan de Usos por parte da Corporación ou por parte de quen corresponda.



O Sr. Alcalde, manifesta que recapitulando o acordo a adoptar pode ser o seguinte:
A entrada que xa ten, e conforme :

1º.- Que o Concello ten interese en declarar a Xunqueira como Espacio Natural de Interese Local.

2º.- Elevar a Conselleria de Medio Ambiente a petición para redacte un Plan de Protección e recuperación do Humidal da Xunqueira.

Significando o Sr. Alcalde que o punto terceiro que propón o P.P. xa está incluído e vai implícito coa aprobación do punto primeiro.

Interven o Sr. Rodríguez Doval, dicindo que lle mosquea que quen gobernou durante oito anos, veña agora cun esperitu proteccionista, e non é de recibo.

Considerado pola Alcaldía-Presidencia suficientemente debatido o asunto sometese a votación a emenda presentada polo P.P. e o Concello Pleno por 4 votos a favor do P.P. 7 votos en contra 5 PSde G-PSOE e 2 B.N.G e 1 abstención de NAL acorda rechaza-la emenda do Grupo Municipal do P.P.


Acto seguinte sometese a votación a proposta da Alcaldía e o Pleno da Corporación por 8 votos a favor 5 PSdeG-PSOE, 2 BNG e 1 NAL e 4 abstencións acorda prestarlle a súa aprobación.

En turno de explicación de voto, polo Sr. Alcalde-Presidente, manifestase que o Partido Popular na Xunta de Portavoces non deu a coñecer a emenda, e que polo tanto se manteñen fieis o primeiro acordo.

CONTROL E FISCALIZACIÓN DOS ORGANOS DE GOBERNO.

Punto núm. 5.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNES DICTADAS POLA ALCALDÍA PRESIDENCIA DENDE A CELEBRACIÓN DA ANTERIOR SESIÓN ORDINARIA.

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos de control e fiscalización dos órganos de previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril.



Punto núm. 6.- MOCIÓNS E PROPOSTAS.-

Dada conta da Moción do Grupo Municipal do BNG do seguinte teor literal:

A) "MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO B.N.G. RELATIVA A SOLICITUDE DE AUDITORIA EXTERNA SOBRE AS CONTAS MUNICIPAIS".


"Ao fío dos debates do Pleno da Corporación arredor dos orzamentos de 2005 e 2006 teríase evidenciado a tendencia das contas municipais, provocada por un cada vez maior endebedamento e a falta de transparencia detectada en moitos proxectos executados polo anterior equipo de goberno -como por exemplo o da "Nova Casa do Concello" -que condicionaron dun xeito máis que notábel a economía municipal nos últimos anos. Ao mesmo tempo, a opaca política de contratación de persoal levada a cabo, foi artellando todo un entramado de persoal que -deixando ao marxe os mecanismos de contratación -ten evidentes repercusións tamén na economía municipal.

Aos factores anteditos no capítulo de gastos, únese a desmedida e perigosa dependencia do capítulo de ingresos Imposto de Construcións e Obras (ICIO) factor que poidese chegar a ter efectos perniciosos no momento no que se produza unha regresión no sector da construción. Sobre este particular, queremos lembrar parte do informe do Secretario Xeral do concello ao proxecto de orzamentos do 2006:

"O funcionario que subscribe, á vista da debéda viva (969.180,250€) máis operacións previstas de 500.000€, e 84.400 €, respectivamente, ven de efectuar unha chamada de atención sobre o contínuo incremento da débeda do Concello, pois aínda estando lonxe do límite legal para ter que solicitar autorización á Xunta de Galicia, hai que ter en conta que os elevados ingresos que actualmente está obtendo o Concello (ICIO) responden a un extraordinario desenrolo conxuntural que en calquera momento pode cesar e que provocaría graves problemas de tesourería".

Para rematar este panorama, temos diante de nos un confuso escenario no ámbito da economía municipal; como resultado de que o documento económico polo que están a rexer as contas municipais -cando menos, teoricamente -é o do orzamento do 2006, que fora aprobado hai agora perto de vinte meses; sendo público e notorio que ata o pasado mes de Xuño houbo unha situación anormal no funcionamento do equipo de goberno que, sen dúbida, tivo tamén os seus efectos na política económica municipal.

Neste sentido e, deixando ao marxe o contido e as interpretacións que suxiren os diversos informes elaborados polos servizos internos do concello, entendemos non só que procede, senón que mesmo é urxente e necesaria, unha iniciativa que permita tanto clarificar



do punto de vista interno da corporación como ao conxunto da cidadanía a situación real da institución municipal no capítulo económico como sabermos se os mecanismos de xestión da economía municipal estiveron presididos polos criterios de transparencia e racionalidade e, en definitiva, de legalidade.


En base aos argumentos anteriormente expostos, o Grupo Municipal do BNG no Concello de Ares propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO:

"O Pleno do Concello de Ares acorda realizar unha AUDITORIA EXTERNA sobre as contas municipais dos anos 2005, 2006 e 2007".

Toma a palabra o Sr. Rodríguez Doval, e di que nos pensamos desde o BNG que unha das virtudes que ten aportar un proceso de cambio nunha institución municipal é, dar medida dar cumprimento as expectativas que a cidadanía tiña depositadas nese cambio municipal, pensamos que a claridade sobre as contas municipais non é un tema que soamente preocupe as persoas que xestionamos os destinos municipais, senón que tamén considera que lle preocupa ó conxunto da cidadanía, quero dicir aquí que o debate do que se gastaba e como se gastaba non foi un debate exclusivo da precampaña electoral, foi un debate que afectou os debates plenarios que tivemos sobre os orzamentos, expedientes de modificación de créditos, etc., polo tanto entendo que estamos diante dunha das encomendas que trasladou a cidadanía coa súa intención de voto, que é que esto se clarificase dunha vez. A proposta que facemos aquí da realización dunha Auditoria externa, está lonxe dunha posición de revanchismo, e simplemente necesidade de clarificar diante da cidadanía cal é o panorama económico no que nos movemos, e clarificar as posturas para ver o xeito de como temos que manexar esta nave; teño que dicir aquí que nos respetamos os informes internos, o que a día de hoxe no mes de agosto, co anterior equipo de goberno roto, cos presupostos prorrogados e aprobándose facturas unilateralmente polo Sr. Alcalde, pensamos que hai ten que haber claridade e transparencia. Facedo constar o Informe do Sr. Secretario-Xeral da Corporación á aprobación dos orzamentos, sobre o incremento da debeda do Concello, dando lectura o mesmo. Entendemos que estamos nunha encrucillada coa elaboración dos orzamentos do ano 2008, e penso que sería bon que o paso o tiñamos dado cunha decisión política que entedemos sería a elaboración desa Auditoria externa por parte da Corporación.


O Sr. Luis Cendán Fernández, manifesta que por parte de el non existe ningún problema que as contas arroxan o resultado que arroxan, que o Consello de Contas acaba de facer público o Concello de Ares, non se encontra no listado deses cento e pico Concellos que non renderon contas, en canto a dicir meu sentir sobre esta proposta non teño ningún



problema ó respecto que se faga unha Auditoria externa ou polo Consello Contas, dicir que entendo que a polémica veu motivada por unhas declaracións que fixo o anterior Alcalde ó respecto do superávit que se deixaba na Tesourería Municipal, despois cando se coñeceron máis datos sobre facturas que non se podía aprobar, entendo que o BNG quere entrar na polémica das contas e fai agora a traves da Auditoria, me parece ben que auditen as Contas, eu teño a conciencia tranquila con respecto ós 8 anos que tiveron a responsabilidade da Comisión de Facenda, os dictámenes da Consello de Contas viñan acompañados dunha felicitación pola xestión e colaboración prestada, aínda que é unha obriga a rendición das contas ante o Consello de Contas; outro tema e que pasou a partires de xaneiro deste ano como decia o portavoz do BNG, en canto a contratación e aprobación dalgunhs gastos que adoptou unilateralmente polo anterior Alcalde, significando que dentro das funcións do Sr. Interventor é fiscalizar o gasto e si existen facturas ou contratos que non se axustan á legalidade debe de formular os reparos correspondentes; non obstante as facturas a que fai referencia o portavoz do BNG iran chegando, non existe partida para elas, e entendo que se debería de abrir un debate no seno da Corporación.


Sendo as trece horas e dez minutos ausentase da Sesión a Señora Abeal Pérez, incorporándose novamente as trece horas e doce minutos.

Toma a palabra o Sr. Manuel Cendán Fernández, manifestando que como xa dixo na Xunta de Portavoces, el vai apoiar que se realice a Auditoria, pero que sexa dos 8 anos de goberno do P.P. e 4 anos anteriores, quero que se audite desde o ano 1995 para adiante; si a polémica que hai e que desde xaneiro como me quedei solo contratei cinco peóns e unha secretaria durante 6 meses, se esas foron as irregularidades que se cometeron aquí, tamen teño que dicir que por o Alcalde actual se teñen dúas secretarias, dicir que cinco Concelleiros que abandonaron o grupo 2 deles con adicación exclusiva e 3 que cobraban por asistencia, non fai falla facer contas se pode ver que o presuposto non quedaba desequilibrado, deixaron de percibir 5 Concelleiros e pasaron a percibir 5 peóns e unha Secretaria, do resto do gasto nada, estan os orzamentos sen aprobar. Dirixíndose ó Sr. Rodríguez Doval, di que vostede sempre ten o mesmo discurso, cando nos orzamentos por licencias de obras poñíamos algunha cantidade vostede sempre a criticaba, e decirlle que esa cantidade era triplicada en ingresos, e este ano temos máis de 40 millóns de ingresos pendentes por non convocar a comisión Urbanismo, o Concello de Ares, é un Concello ben xestionado, saneado e que non ten que depender de ninguén, porque eu cando me fixen cargo do Concello no ano 1999 teníamos que depender de todo o mundo, o Concello de Ares goza dunha economía saneada, pode facerlle frente a calquer evento. Significando finalmente que a súa proposta non é que se auditen os 3 últimos anos, senón os 8 do seu mandato e os catro anteriores, e dicir dende o ano 1995.



O Sr. Alcalde, manifesta que existen dous informes de Tesourería, cando tomamos a responsabilidade de goberno, lle pedimos a Tesoureira dous informes e por suposto na primeira Comisión de Facenda, loxicamente podremos entrar sobre os mesmos, os cales son moi claros, non o dí o actual Alcalde nin o Alcalde anterior, o dí unha funcionaria que ten esas funcións asignadas, e sinalan unha debeda de 3 millóns de euros, eso é así, non ten máis voltas, un millón oitocentos sesenta e cinco mil euros en facturas sen pagar, un millón centro catorce mil euros en créditos sen amortizar, unha debeda pendente de dous exercicios do ano pasado de seiscentos mil euros e un remanente do anterior de douscentos mil, en resumen se deben 3 millóns de euros, eso para un Concello pequeno como é o noso por enriba da Mesa un problema que temos que resolver entre todos, decir que efectivamente houbo ingresos, pero estes ingresos foron a costa de moito, se construeu en exceso, e igual a día de hoxe non temos o Ares, que queríamos algúns, se ingresaron unhas partidas importantes por licencias, pero agora o mellor temos de gastar 1500 millóns en repoñer o Saneamento porque non temos un saneamento adecuado, e o que ingresamos por unha banda sae por outra. Desde a Alcaldía nos comprometemos a que na primeira Comisión de Facenda, someter a debate o estado de contas para ver entre todos como podemos facer frente a esa importante debeda. Centrandonos na moción presentada polo Grupo Municipal do BNG, temos que facer dúas emendas, a primeira ten como fundamento que como grupo político que defende as intervencións públicas que confía na salvagarda de garantías, solicitaríamos que a Auditoria fora realizada polo Consello de Contas, a razón é que o Consello de Contas é un organismo de intervención pública, creado para realizar esta actividade, e no segundo lugar que a situación económica do Concello, non permite pagar unha auditoria privada externa, en consecuencia a primeira sería que se encargue o Consello de Contas e a segunda emenda sería solicitar que se Audite os anos 2005 e 2006, e o 2007 cando este cerrado e rendida a Conta Xeral. Significando que non esta de acordo coa proposta do P.P. de que se audite desde o ano 1995, por dúas razóns unha primeira por que o considera extemporaneo e outro que o Partido Popular e en concreto o Sr. José Manuel Cendán foi Alcalde durante os últimos 8 anos e tivo oportunidade de facelo no seu mandato.

O Sr. Rodríguez Doval, quere aclarar que no espírito da Moción, figuraba que fose o Consello de Contas quen fixese a Auditoria desas anualidades, metímos a anualidade de 2007, porque a nos existe un período que nos preocupa que é o período entre xaneiro e xuño, nos queremos a máxima claridade posible tanto para o presente como para o futuro, nos falamos desde o ano 2005 en adiante precisamente porque o Consello de Contas acaba de auditar o ano 2004, senón meteríamos tamén o ano 2004, dando seguidamente lectura as incidencias do informe do Consello de Contas. Remantando a súa intervención manifestando que como podemos pensar que existe claridade con respecto as contas municipais, cando as persoas que formamos parte desta Corporación non sabemos o que costou este edificio.



Considerado pola Alcaldía-Presidencia suficientemente debatido o asunto e previa aclaración que se vai a votar **"O Concello de Ares acorda solicitar unha Auditoria externa por parte do Consello de Contas, das Contas Municipais correspondentes os anos 2005, 2006 e 2007 unha vez rendida e aprobada a Conta Xeral"**, e o Concello Pleno por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

B) MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO B.N.G. RELATIVA A "POLITICA LABORAL DO CONCELLO".

Dada conta da Moición do Grupo Municipal do B.N.G. relativa a Política Laboral do Concello do seguinte teor literal:

"A ninguén se lle oculta a complexa situación que no tocante á política laboral vive o Concello de Ares, como resultado de decisións políticas que viñeron afastándose dos criterios de racionalización de plantilla e a procura da efectividade nas contratacións de persoal. No último informe elaborado polo Secretario Xeral do Concello aos orzamentos do 2006 -que son os que están actualmente en vigor, como resultado da non aprobación dos do actual exercicio -falábase claramente da situación:

"En relación ao persoal do concello, esta Secretaría ao igual que en anos anteriores insiste novamente na necesidade de aprobar unha RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO E UN CATÁLOGO DE POSTOS DE TRABAJO, como instrumento de ordenación da xestión de recursos humanos, e máis concretamente como expresión ordenada do conxunto de postos de traballo caracterizados por pertencer a unha mesma Unidade ou Dependencia da Administración, que deban de ser desempeñados por funcionarios de carreira, por persoal eventual, indistintamente por uns e outros, e por persoal laboral, coa detallada descrición das características e requisitos dos mesmos...."

Ao mesmo tempo, no devandito informe faise mención ao que se explicita nas disposicións legais ao respecto, aclarando que

As plantillas, que deberán comprender todos os postos de traballo debidamente clasificados reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual, aprobaráanse anualmente con ocasión da aprobación dos orzamentos, e haberán de responder aos principios enunciados no artigo 90.1 da Lei 7/1985, de 2 de Abril: RACIONALIDADE ECONOMICA E EFICIENCIA....."

Ao mesmo tempo, interesa suliñar aquí que o mecanismo utilizado para cubrir determinadas prazas na plantilla non se fixo baixo os criterios da necesaria publicidade e



contando coa participación do conxunto dos grupos da corporación nos tribunais de selección; nen tampouco coa aplicación efectiva dos criterios de **capacidade e méritos** á hora de avaliar as solicitudes.

Neste sentido e, co obxecto de corrixir esta situación no camiño da normalización progresiva da política laboral do Concello de Ares, o Grupo Municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación a adopción dos seguintes


ACORDOS:

1.- Proceder con carácter urxente -preferentemente antes da aprobación dos orzamentos do ano 2008 -á elaboración dunha RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO pa que, baixo as premisas de RACIONALIDADE, ECONOMÍA E EFICIENCIA, se leve a cabo a ordenación dos recursos humanos que -ben sexa con carácter laboral ou funcionario -figuren como contratados pola institución municipal.

2.- Garantir que en todas as convocatorias de prazas que se efectúen sexan de carácter eventual ou indefinido -se garanta o principio de publicidade á hora da convocatoria e os de capacidade e mérito á hora da elaboración das bases da convocatoria das respectivas prazas.

3.- Garantir a participación de todos os grupos que forman parte da corporación nos tribunais de selección que se articulen nas respectivas convocatorias."


Toma a palabra o Sr. Rodríguez Doval, manifestando que dunha maneira sintética, toma como base, a reclamación reiterada que fixo o Sr. Secretario da Corporación, nos últimos informes os orzamentos municipais, o Sr. Secretario facía mención a política laboral no seguinte sentido: En relación ó persoal do Concello esta Secretaría insiste o igual que en anos anteriores á necesidade de aprobar unha relación de postos de traballo e un catálogo de postos de traballo, como instrumento de xestión e ordenación dos Recursos Humanos. Este informe do Sr. Secretario nos pon enriba da mesa un problema que tiña a Corporación, penso que o feito de que nun ano se pasará de 9 funcionarios a 17, é un feito bastante indicativo de como se moveron os resortes da política laboral neste Concello, e os convenios pasaron casi unha década sen modificarse. Nos pensamos que durante o ano 2007 nin as necesidades nin as demandas que ten a cidadanía en canto a función pública, en canto as prestacións que se fan por parte do personal municipal non son iguais que as que prestaban hai 10 anos, os tempos cambiaron as necesidades cambiaron e a sociedade cambiou e obriga a facer unha política laboral totalmente diferente, pero debe de haber sempre un norte, este norte debe de estar marcado por dúas pautas que son a racionalidade e a efectividade para a Corporación. E pensamos tamén que o fundamental debe ser non as percepcións que temos cada un de nos cando formamos parte dun Tribunal, de que a quen se lle pode dar a praza, senón que se deben seguir os preceptos que marca a Lei, hai a noso



xuizo cuestións básicas, como é a publicidade cando se convocan as prazas, que se valore a capacidade e en terceiro lugar que se valoren os méritos de cada un, falla o principio de publicidade porque moita xente non se entera das convocatorias. E finalmente decir que o noso grupo quere e que se recupere a participación de todos os grupos municipais nos Tribunais de selección, sabemos que hai unha interpretación que eu mesmo discutin co Sr. Secretario desta Corporación, en relación coa Lei que apareceu no mes de abril ou marzo, nos temolo claro que no artigo no que fai referencia á prohibición da participación dos cargos electos non se refire o persoal político senón que e do persoal de confianza que forma parte das Corporacións. En definitiva con esta moción pretendemos resolver estas cuestións: en primeiro lugar unha RPT, hoxe en día temos unha plantilla que non se sabe en moísimos casos as funcións que ten que cumprir.


Interven o Sr. Luis Cendán Fernández, manifestando que foi un tema que reiteradamente cando se trataba o tema dos presupostos era o cabalo de batalla do portavoz do BNG, me cansei de explicar por activa e por pasiva e lle expliquei na Xunta de Portavoces cal era a miña posición o respecto, porque ó parecer según o manifestado parece ser que existe un desinterés por parte de alguen de que este documento non se elabore, e non é así, cando eu tiña responsabilidades de goberno, e antes da petición do BNG, polos funcionarios se elaborou un proxecto de RPT, cando foi a negociación do convenio do persoal laboral eu lle din traslado deste documento os representantes Sindicais de UGT e de USTG, o levaron para estudar e dixeron que a día de hoxe había documentos máis modernos e máis ó día das situacións dos Concellos, que se acababa de elaborar ó do Concello de Cariño, e como xa propuxen na Xunta de Portavoces que non consideraba oportuno o gastar os recursos públicos encargando este traballo a unha empresa de fora, cando nos pode valer perfectamente este documento para tomar de base e ademáis como xa dixen é de recente aprobación. Significando que cando eu era xefe de persoal, ningunha convocatoria de prazas se fixo saltandose ó procedemento á torera. En canto á representatividade dos cargos políticos nos tribunais dos procesos selectivos eu estou de acordo pero non pasa absolutamente nada se non formo parte, coincido totalmente no posicionamento que fai o portavoz do BNG de que se refire ó persoal de confianza, polo tanto eu creo que os Concelleiros debemos de estar representados nos tribunais de selección, e se o Alcalde ou o grupo de goberno non o considera oportuno tampouco me vou a rasgar as vestiduras. Estou de acordo vou a votar a Moción tal cual como se presentou.

Toma a palabra o Sr. Manuel Cendán Fernández, quen manifesta que como dixo na Xunta de Portavoces, que a intención por parte do Concello, que hai que contar cos traballadores, que se presente, entendendo que cos Sindicatos se pode quitar adiante facilmente sen necesidade de encargarlá a unha empresa privada; nos non temos ningún inconveniente en quitar esto para adiante.



O Sr. Alcalde-Presidente, manfiesta que a Moción presente tres puntos, polo que se refire ó primeiro punto, aclarado polo portavoz do BNG que o término "preferentemente" non sería mais que unha declaración de intencións e non tería que aprobarse que antelación os presupostos do ano 2008 o cal sería materialmente imposible, non teríamos inconveniente alguna en aproba-lo, non obstante no punto segundo e no punto terceiro queremos efectuar unha emenda no senso de que o segundo estamos diante dun imperativo legal os principios de capacidade, mérito e publicidade, e ven recollido tanto na lexislación vixente como na propia Constitución, polo que entende que non ten vir via moción, ó mellor pode entender que en outras corporacións se tivera que dar un toque de atención, pero nesta desde o pasado 16 de xuño todas as convocatorias se fixeron co principio de publicidade e os requisitos de mérito e capacidade, decía o Sr. Luis Cendán que antes tamén era así, pois eu coñezo un caso en que non, posto que ó capataz se lle contratou sin ter nin siquera bases, en aquel momento eu era portavoz do grupo socialista, pedin ver o expediente e unicamente se me entregou o contrato, é o capataz que temos, e polo que se refire o punto terceiro no que se solicita a participación nos tribunais de selección de todos os grupos que forman a Corporación, poñemos duas pegas de legalidade a primeira e a dubidosa interpretación do artigo 60, na Deputación de A Coruña se sigue a raxatabla a interpretación restrictiva, teño entendido que nos organos de selección non participan representantes políticos, precisamente coñecendo esa interpretación restrictiva por parte da Deputación Provincial de A Coruña, neste Concello se decidiu seguir con esa participación restrictiva, e evidentemente desde o día 16 de xuño ningún representante político participou nos organos de selección, en consecuencia entendendo que na propia Deputación existe un servizo de Asesoramento Xurídico os Concellos e mentres por parte deste organo se siga coa interpretación restrictiva nos tamén seguiremos, por outra banda a Lei de Bases de Rexime Local establece como unha prerrogativa do Alcalde a designación da composición dos órganos de selección, polo tanto entende que a través dunha Moción non se debe limitar unha facultade que por Lei se lle otorga ó Alcalde, por eso o Grupo Socialista votaria a favor da Moción no que se refire o punto primeiro, e pediría unha transacción co portavoz do Grupo Municipal do BNG que é o que presenta a Moción de excluir os puntos 2 e 3, polos motivos expostos anteriormente.

O Sr. Rodríguez Doval, manifesta que o principio de publicidade, entende que é algo máis que un anuncio pequeno nunha esquina dun xornal, o que queremos e cada convocatoria que se faga sexa de coñecemento do conxunto da cidadanía, hai unha paxina web, existe a figura do Bando, e máis xornais de un, volvemos a reafirmar que eses criterios teñen que ser os fundamentais, e con respecto os principios de mérito e capacidade, aquí se fixo mención a un caso, pero realmente hai máis, pois as sete personas que se funcionarizaron recentemente as bases que se fixeron soamente faltaba o poñerlle o nome e apelidos, deste xeito apareceron coas prazas xente que xa coñeciamos todos e todas con moitísima anterioridade.



Interven o Sr. Alcalde manifestando que se comprobe a levar o asunto a Comisión ou a Xunta de Portavoces, que sempre condicionado a un informe de Secretaria. Poño nese sentido de manifesto non estaría ben tomar un acordo ilegal.

O Sr. Manuel Cendán Fernández, propón que se poña solicitar da Alcaldía a participación dos grupos políticos nos procesos de selección.

O Sr. Alcalde manifesta que lle parece ben, non obstante el pedirá un informe a Secretaria, e se este informe lle dice que poden participar, e non o fan é loxicamente porque non quero que participen, e se o informe e negativo e non o fago podrei ampararme e dicir que non o fago porque non podo.

Toma palabra o Sr. Rodríguez Doval, manifestando que non teñen ningún problema en que os puntos 2 e 3 da Moción queden pendentes dun informe do Sr. Secretario e que se traigan ó próximo Pleno.

Finalmente interven quen considerando suficientemente debatido o asunto somete a votación do Pleno da Corporación o punto 1 da Moción, deixando pendentes o 2 e o 3 punto para un debate posterior. Realizada a votación o Pleno do Concello por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.


Acto seguinte e antes de pasar o punto de Rogos e Preguntas, pola Alcaldía, presidencia, preguntase ós portavoces municipais, se teñen algunha moción que queren someter á consideración do Concello Pleno pola vía de urxencia, non presentándose ningunha Moción.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Interven o Sr. Rodríguez Doval, manifestando que como agora parece que se van a normalizar o funcionamento das Comisións Informativas, fan unha petición para que se axilizaran os temas que nos pensamos que teñen urxencia: Cesión de Terreos para o Centro de Saúde, Saneamento Integral dos 3 Concellos, Saneamento de Chanteiro, acordo de Cesión de Usos e Plan de Usos do Mosteiro de Santa Catalina, e finalmente o que facemos co Plan Xeral de Ordenación Municipal.

O Sr. Manuel Cendán, pregunta en situación esta a caseta da praia, en que concepto se alugou a caseta de madeira.

O Sr. Alcalde-Presidente, resposta que o ese señor apareceu aquí decindo que tiña a concesión das casetas das praias, a partires de hai o vin aberto el pediu a chave e cambio manten limpos os baños, eu crein que viña da anterior Corporación.



O Sr. Manuel Cendán, di que a idea a ve ben, pero que hai unha persoa en Ares que se adica a eso e polo menos darlle participación.

O Sr. Alcalde, responde que chegou aquí os tres días de ser eu Alcalde, e presentou as taxas pagadas, polo que entendin que era un acordo da anterior corporación.

O Sr. Manuel Cendan, da as queixas seguintes:

En relación as Festas en Redes, que despois das mesmas non se pasou a limpar.

O tema das ratas que habia unha empresa encargada do Servicio e os días como tema da tronada afloraron polo Paseo Marítimo.

E o tema dos rios e fontes e antes de que finalicen os contratos de limpeza das praias, que se faga unha actuación.

No Parque de Rosalía, se estan afloxando os tornillos do mobiliario, sería bo mandar a alguen a revisalos.


Que se convoquen as Comisións Informativas.

E por último as escaleras novas que se colocoran, que a maleza as esta tapando, mandar a alguen a desbrozar.

O Sr. Luis Cendán, formula o rogo de que as barracas das festas, habería que buscar outro sitio, baixo meu punto de vista ese non é sitio de colocalas, decirlles que no sucesivo que limpen o que manchan, aquel día polo Paseo Gabeiras as duas da maña era un espectáculo, esixirles que deixen aquilo decente..

Resposta que o Sr. Alcalde, que el sendo Alcalde non deixaría edificar no antigo campo de futbol, e a única parcela libre e desponible que hai e o Paseo de Gabeiras. Que un sacrificio de 2 semanas o ano, e os nenos de Ares van as festas non polas orquestas senón polas barracas.

O Sr. Luis Cendán, manifesta que a parcela do campo de futbol xa tiña licencia municipal, e gracias a unha xestión do anterior equipo de goberno quedou unha zona verde, que tiñan edificación en toda a parcela.



CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)

Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E

O Sr. Alcalde manifesta que terían que felicitar os veciños que aguantaron estoicamente as dúas semanas coas barracas e chiringuitos diante das súas casas.

O Sr. Manuel Cendán Fernandez, manifesta que a licenza do campo de fútbol era unha licenza do 98, e que gracias a xestión do anterior equipo de goberno e previa modificación do Plan Xeral o propietario cedeu 1000 metros, e que tanto as festas como o deporte ó aire libre se levou para o Paseo Gabeiras, significando que existe unha parcela de 24 ferrados na entrada ó lado da rotonda que se podería tratar de habilitar para estes eventos.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as quince horas do día ó comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario-Acctal., dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO-ACCTAL.,